



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería de
Política Social

Ronda da Muralla nº 70 baixo
27071 LUGO
Tfnos. 982 29 42 01 / 982 29 43 43
Fax 982 29 43 59

galicia

Resolución do 25 de setembro do 2017, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Política Social, pola que se aproba a relación definitiva de persoas adxudicatarias como persoas colaboradoras-bolseiras no Centro Residencial LUG de Lugo, para o curso académico 2017/2018.

Convocada a oferta de prazas de persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social, para o curso académico 2017/2018 Orde do 3 de xullo de 2017 (DOG Nº 132 do 12 de xullo), e valoradas as solicitudes presentadas en prazo para o Centro Residencial Xuvenil LUG pola comisión cualificadora correspondente creada ao efecto, de acordo cos criterios de selección establecidos no artigo 9 da Orde de convocatoria.

En cumprimento do disposto no artigo 11 da citada Orde, esta Xefatura Territorial,

RESOLVE


- 1.- Aprobar a relación definitiva de admitidos ás prazas convocadas como persoas colaboradoras-bolseiras para ao Centro Residencial Xuvenil LUG de Lugo, para o curso académico 2017/2018 que figura como anexo á presente resolución, en base á proposta elevada pola comisión cualificadora.
- 2.- Facer pública dita relación mediante a súa exposición nos lugares indicados no artigo 11.2 da convocatoria.
- 3.- A resolución comprenderá o acto de outorgamento da bolsa, que será efectiva desde o día seguinte ao da súa publicación.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que resolveu. Todo o anterior é de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Lugo, 25 de setembro de 2017

O xefe territorial

Alberto Linares Fernández





RELACIÓN DEFINITIVA COLABORADORES-BOLSEIROS ADMITIDOS

CENTRO RESIDENCIAL LUG CURSO 2017-2018

COLABORADORES-BOLSEIROS

Nº de expediente	Nome e apelidos	Total Puntos
2017/1	CES GONZÁLEZ, ELISA	30,55
2017/4	MONTERO VIEITEZ, MANUEL	30,20
2017/2	LEFSAHI, MOHAMED	26,67
2017/3	MOURE SEGADE, ANTÓN	21,23

Lugo, 25 de setembro de 2017

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo

